


## TUTORIAL SOBRE A AULA VIRTUAL DO CENTRO

A aula virtual do centro está aloxada na web do propio centro, na primeira das lapelas da esquerda.


Esta é a dirección da web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfilomenadato/>




Ao clicar ábrese a seguinte ventá. No menú central poderás ver os distintos cursos. Clica no teu curso.



Ao clicar no curso que queres abrírase a seguinte ventá:



Ben, xa casi estás dentro porque agora é o momento de escribir o teu usuario e a túa contrasinal. Lembra que estes datos chos deu a profe (acórdade de non escribir tildes nin maiúsculas) En canto escribas estes dous datos, preme no botón "Acceso" Algúns cursos permiten o acceso como convidado



Escolle a asignatura que precisas ou móvete polo calendario para estar informado dos traballos, exames, excursións...

Por último, se esqueces o contrasinal e a túa aula non permite o acceso a convidados, achégate á lapela tic na páxina do cole, en departamentos, e atoparás información para recuperar o teu contrasinal.

CEIP FILOMENA DATO (A Valen: X +)

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfilomenadato/

ceip.filomena.dato@edu.xunta.gal

### APERTURA DO PROCESO E CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 30/09/2022); realízanse neste centro a **renovación parcial do Consello Escolar** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A Directora do centro;
- Un mestre ou mestra;
- Un pai ou nai titor legal;
- Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996 do 26 de Xullo (DOG do 9 de Agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **venres, día 28 de outubro, ás 12:00 horas no salón de actos**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súas candidaturas para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figuran nas distintas convocatorias que proximamente se fan públicas pola Xunta Electoral do Centro.

A Valenzá, 25 de outubro de 2022

Acto: A Directora  
Patricia Piñeiro Losada

« Novembro 2022 »

Lun	Mar	Mér	Xov	Ven	Sáb	Dom
	1	2	3	4	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28	29	30				

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfilomenadato/taxonomy/term/66

Esta sección publicarase información para o uso da páxina web

AGORA XA ERES UN EXPERTO/A EN AULAS VIRTUAIS. BENVIDO/A Á CLASE!!! ;)